

# FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2019

**VICTORINO PÉREZ PRIETO**

## *Uxío Novoneyra e Rosalía de Castro: xunguidos pola fala e a Terra.*

*Dous textos inéditos de Novoneyra  
sobre Rosalía*

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

**FOLLAS NOVAS**

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

Nº4 · 2019

ARTIGO

*Uxío Novoneyra e Rosalía de Castro:  
xunguidos pola fala e a Terra.*

*Dous textos inéditos de Novoneyra  
sobre Rosalía*

# Victorino Pérez Prieto

vitope@mundo-r.com

## PALABRAS CHAVE

*Novoneyra,  
Rosalía, Courel,  
ser poeta,  
fala e lingua,  
pobo e Terra,  
dor e desacougo,  
compromiso.*

## KEYWORDS

*Novoneyra,  
Rosalía, Courel,  
to be a poet,  
mother tongue  
and language,  
people and  
country, sorrow  
and distress,  
engagement.*

## RESUMO

*Os eidos* de Uxío Novoneyra publicouse o mesmo día do pasamento de Rosalía de Castro sete décadas despois; o que é máis que unha feliz coincidencia. O traballo ten tres partes. A primeira é unha achegamento a relación entre a obra de Novoneyra e Rosalía: o compromiso coa lingua, co pobo e coa Terra; e a vivencia da dor e o desacougo existencial. Saliéntase aquí tamén a importancia de Rosalía na poesía de Novoneyra. A segunda parte comenta un poema e tres textos de Novoneyra sobre Rosalía, publicados anteriormente. E a terceira transcribe e comenta dous textos autógrafos inéditos de Novoneyra sobre Rosalía.

## ABSTRACT

*Os eidos* by Uxío Novoneyra was published on the same day of Rosalía's death seven decades later. Taking this as more than a happy coincidence, this work has three parts. The first part is an approach to the relationship between Uxío's work and Rosalía: the engagement with the language, to the people and to the country; and also the experience of sorrow and existential distress. Highlights here also the importance of Rosalía in the poetry of Novoneyra. The second part comments on a poem and three texts by Uxío Novoneyra about Rosalía.

*Que así mo pediron,  
que así mo mandaron,  
que cante e que cante  
na lingua que eu falo.*  
(Rosalía, *Cantares gallegos*)

A Fala é o único sitio onde seguen vivos os antepasados, a única forma audible de supervivencia. A Lingua ten esa cousa que ten, ademais de valer para a comunicación (...).

Hai na Poesía un secreto pulo que apunta máis alá do previsible, do estrictamente posible... Nótase que é un Mundo que hai que reformular. E eso só se poderá pensar dendes da poesía.  
(Uxío Novoneyra<sup>[1]</sup>)

*¿Irei un día do Courel a Compostela por terras libradas?  
Non, a forza do noso amor non pode ser inútle!*  
(Uxío Novoneyra<sup>[2]</sup>)

Dicir que Rosalía é a meirande figura da poesía galega non ten nada de novo desde hai máis de medio século; e engadir que é unha das meirandes poetas de todos os tempos tampouco é novidoso, pois xa foi recoñecida hai tempo entre as mellores da literatura mundial. Otero Pedrayo dixo no seu discurso de ingreso na Academia Galega, dixo do xenio da nosa escritora, con verba apaixonada e a un tempo precisa: “A maior dimensión lírica na arte alcánzase en Rosalía... Asoballa a forza do xenio poético de Rosalía”<sup>[3]</sup>. Novoneyra dixo nunha das conferencias que reproducimos aquí: “Rosalía é a suprema figura de todo o Parnaso mundial feminino”. E, con ocasión do centenario do seu pasamento e ás portas do 2000, díxose: “A razón da supervivencia de Rosalía só queda explicada se conseguimos definila coma unha escritora universal”<sup>[4]</sup>.

Tampouco é cousa nova dicir que Uxío Novoneyra é un dos mellores poetas galegos contemporáneos; “a alma verdadeira da nosa literatura, o noso pobo feito fala nos seus

[1] Uxío Novoneyra, *Dos soños teimosos*. Preguntas de Emilio Araúxo, Noitarenga, Santiago 1998, 12 e 24. Emilio Araúxo ampliou estas conversas con Novoneyra nun capítulo que pecha a última edición de *Os eidos. O libro do Courel*, Monforte de Lemos 2017, “As cores do ucedo”, 259-318.

[2] Versos de Uxío Novoneyra datados en 1957 e recollidos, entre outros moitos lugares, en *Do Courel a Compostela*, Galaxia, Vigo 2010.

[3] Ramón Otero Pedrayo, *Romantismo, saudade, sentimento da raza e da terra en Pastor Díaz, Rosalía Castro e Pondal*, Nós, Santiago 1931, 75. Tamén *Rosalía* (diálogo teatral, 1959); Galaxia, Vigo 1985.

[4] “A pervivencia do interese universal pola persoa e a obra de Rosalía [maniféstase] en que conta entre as súas estudiosas e estudiosos destacados autores internacionais”, Aurora López e Andrés Pociña, “Rosalía ás portas do ano 2000”, en *Arredor do Centenario de Rosalía de Castro*. 1985, Patronato Rosalía de Castro, Lugo 1995, 170-171.

labios de dicidor”, dixeron del os seus colegas, os escritores galegos<sup>[5]</sup>. Pero tense escrito pouco verbo do que Rosalía representa para o poeta do Courel; e apenas se ten analizado a relación literaria, social e existencial entre ambos, que é sobranceiramente a converxencia de intereses a prol dunha Galiza liberada. Non vai ser este o espazo dun amplo estudo, pero si apuntar algunhas notas desta relación.

## Novoneyra e Rosalía: O compromiso coa lingua, co pobo e coa Terra. A vivencia da dor e o desacougo existencial e social

*Probe Galicia, non debes  
chamarte nunca española,  
que España de ti se olvida  
cando eres, ¡ai!, tan hermosa. (...)*  
*Galicia, ti non tes patria,  
ti vives no mundo soía, (...)*  
*mentras triste e solitaria  
tendida na verde alfombra  
ó mar esperanzas pides,  
de Dios a esperanza imploras*  
(Rosalía de Castro, “A gaita gallega”, *Cantares gallegos*)

*... o meu corpo de terra  
i o meu cansado espírito,  
a donde quer que eu vaia  
van comigo*  
(Rosalía de Castro, *Follas novas*, “Vaguedás”, VII)

*É xa hora de que señas toda patria dos teus  
dos que gardan a fala en que máis se dixo adeus  
e señas dona de ti e señora de falar  
señora de decidir e dona de se negar*  
(Uxío Novoneyra<sup>[6]</sup>)

Rosalía está moi presente na persoa e a obra de Novoneyra no amor e o compromiso coa Lingua galega, coa Terra e co Pobo galego, dono de seu. Porque a lingua “non é unha emoción baleira... na lingua pervive todo o referido a ti e aos teus”, di Uxío<sup>[7]</sup>; e, como liamos, “a forza do noso amor non pode ser inútle!”. Versos de Rosalía coma os que acabamos de ler –“Galicia, non debes/ chamarte nunca española”– fixeron da nosa Cantora unha “estranxeira na súa patria” –palabras coas que titula a autora un poema de *Follas novas*–;

[5] “Uxío Novoneyra. A emoción da terra”, *Escrita contemporánea*, Revista da Asociación de Escritores en Lingua Galega, A Coruña 2005, 5.

[6] Poema de 1970, recollido en *Do Courel a Compostela*, Galaxia, Vigo, 57.

[7] Antón Lopo, *A distancia do lobo. Biografía de Uxío Novoneyra*, Galaxia, Vigo 2010, 42.

que “non deixa de ser unha dolorosa constatación de estrañamento aínda vixente –di M<sup>a</sup> Pilar García Negro-, de como unha autora como Rosalía de Castro non *cabe* na Galiza actual e moito menos na España actual”<sup>[8]</sup>. Ela era unha “muller galega, tan consciente da súa pertenza a unha nación desprotexida, como escritora proteica e revolucionaria”, di Francisco Rodríguez; “Rosalía é o produto da opresión nacional e a alba esperanzada da liberación”<sup>[9]</sup>. E versos de Uxío como os que acabamos de ler, ou como “Irmadiños de Galicia Vietcong” de *Vietnam Canto*, fixeron que houbera, por parte de algúns, un desexo vehemente de que era mellor que Novoneyra –un patriota consciente e comprometido reivindicador da identidade nacional galega e dunha Galiza liberada– quedara reducido a unha lectura intimista, inmanentista e inmovilizadora da poesía de *Os eidos*.

Por iso, María Pilar García Negro –criticando con xustiza a postura de Ramón Piñeiro, o primeiro gran valedor de Novoneyra– escribe: “Uxío Novoneyra abunda na utilización da terra e da natureza galega como metonimia e como símbolo da nación... Non vemos nesta obra inaugural [*Os eidos*] adanismo nengún que ficase inmune ás mudanzas impostas pola propia historia”<sup>[10]</sup>. O mesmo Luis Cochón –que traballa no Centro Ramón Piñeiro– reconece que Piñeiro impón na carta-prólogo de *Os Eidos* “unha lectura do libro case que metafísica, eternizante, *dun texto que ten outra lección*, que se compadece pouco da piñeiría... *Os Eidos* nada teñen de enviso e estantío, non todo é natureza que queira esmagarnos. Non todo é cousa sen causa” (subliñado meu)<sup>[11]</sup>.

Neste senso de compromiso coa terra, coa lingua e co pobo, Uxío Novoneyra di en *Dos soños teimosos* que “o deber con Galicia” une aos poetas galegos, desde Rosalía até os seus contemporáneos; máis aínda, para el “o profundamente poético é unha forma de compromiso”<sup>[12]</sup>.

---

[8] M<sup>a</sup> Pilar García Negro “*Estranxeira na súa patria* de Rosalía de Castro: a identidade negada na propia terra”, *Madrygal*, 18 (2015), 352. “Para conxurar semellante ostracismo –continúa o texto da profesora–, cómpre mudar de raíz un retrato académico, escolar e político que non só non lle fai xustiza, senón que falsifica a súa personalidade, ideoloxía, moral e produción literaria até a converter na antítese do que foi”. Máis adiante fala da conciencia expresa que Rosalía tiña disto: “A esta altura, a escritora é consciente do seu isolamento, da –expresado noutros termos– magnitude do *pecado* cometido”, 353. Máis aínda, Rosalía é consciente dun paradoxo estarrecente: na súa terra é *estranxeira/o* “quen ama e defende o país de forma superlativa. O recoñecemento social que merece é nulo. Son donos da nación os que a desangran ou medran biograficamente grazas á súa cumplicidade e servizos prestados aos que garanten a marxinação da Galiza”, 354. Cf. tamén, máis amplamente, Francisco Rodríguez, *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria. A persoa e a obra de onte a hoxe*, ASPG, A Coruña 2011.

[9] *Op. cit.* 12 e 17.

[10] M<sup>a</sup> Pilar García Negro, “Novoneyra: Nova xeira. A poesía como antídoto contra o ruído”, *Boletín da Real Academia Galega*, Núm. 371 (2010), 119.

[11] Luís Cochón, “Rosalía en Novoneyra. Unha luz que non se ve vir, *que se ve ser*”, *Boletín da Real Academia Galega*, Núm. 372 (2013), 310.

[12] Uxío Novoneyra, *Dos soños teimosos*, 42 e 39.

Pero Novoneyra e Rosalía van tamén moi xunguidos na vertente existencial da súa poesía: na dor, no desacougo, na pulsión da vida e no enigma dunha existencia que tantas veces semella absurda..., un enigma existencial que eles viven moi intensamente: “Si eu non puđen nunca fuxir ás miñas tristezas, os meus versos menos”, escribe a nosa Cantora<sup>[13]</sup>. “Rosalía fixo da dor a dimensión, a forma e a figura do seu espírito... –dixo Otero Pedrayo tamén no seu Discurso na Academia–. Tiña un cravo cravado no corazón”. E neste senso, non é difícil atopar o paralelismo entre a dor que se manifesta en “Negra sombra” ou en “O cravo” de Rosalía –“... un mal tan fondo/ que tanto me atormentou”– e nos poemas de Novoneyra “O laio” –“a door alúmame todo/ e ollo a morte no fondo”– e “Novas verbas de door”, poemas datados xa en 1953 e recollidos en *Os eidos*<sup>[14]</sup>.

Eis os primeiros versos de “O cravo” (*Follas novas*):

*Unha vez tiven un cravo  
cravado no corazón,  
i eu non me acordo xa se era aquel cravo  
de ouro, de ferro ou de amor.  
Soio sei que me fixo un mal tan fondo,  
que tanto me atormentou,  
que eu día e noite sin cesar choraba  
cal chorou Madalena na Pasión.*

Eis os de “O laio”:

*Escurecen os penedos.  
Baixa a sombra do ucedo  
aniárseme no peito. (...)  
Estoun solo como un lobo  
oulando cara a noite.  
Angustia de morte!  
Arelanzas de louco!  
Ista door! Ista door! Ista  
door miña!  
Berro caído nun couso.  
A door alúmame todo  
e ollo a morte no fondo...*

---

[13] “Duas palabras da autora”, prólogo de *Follas novas; Obras completas*, Aguilar, Madrid 1982, tm I, 270.

[14] Uxío Novoneyra, *Os eidos. O libro do Courel*. Nova edición corrixida e ampliada, a máis completa, Biblioteca de Mesopotamia, Chan de Pólvora Editora, Monforte de Lemos 2017, 118 e 19.

E os de “Novas verbas de door”:

*Iste desacougo! Esta cousa! Esta mao xorda que tira!*

*Iste querer irse sin saber pra onde!*

(...)

*Esta door! Esta door que se oi*

*Iste cor meu!*

*Esta door que me veo ela de seu*

*sin saber polo que foi!*

“A door alúmame todo/ e ollo a morte no fondo”. Dor e morte están presentes de cotío en Rosalía e Novoneyra; non só por razóns biográficas (enfermidades, desgrazas familiares, mortes...), aínda que tamén –a enfermidade acompañounos aos dous sempre desde a súa infancia<sup>[15]</sup>–, senón por razóns máis fondas: unha actitude existencial ante a vida, a fonda experiencia da soidade radical do ser humano. No poeta do Courel unha experiencia artellada filosoficamente co existencialismo de Martin Heidegger, pensador a quen leu na súa mocidade por suxestión de Piñeiro. Pero, tamén, unha dor constante que nace da sensibilidade ante a dura inxustiza padecida polo seu pobo ao longo da historia. “¡E sófrese tanto nesta querida terra gallega! –escribe Rosalía– (...) Vin e sentín as súas penas como si fosen miñas”, sobre todo “as coitas das nosas mulleres”, que “parecen condenadas a no atopare nunca repouso senón na tomba”<sup>[16]</sup>. Con todo, cos versos de Pimentel, “Non convén chorar máis/ Ela chorou por todos e pra sempre”..

Uxío chega a dicir que esa soidade radical –esa dor existencial que Ramón Piñeiro identifica coa saudade no Prólogo da primeira edición de *Os eidos*<sup>[17]</sup>– é “a miña verda-

[15] “Rosalía no es una enferma de ocasión; su enfermedad es su vida. Nadie como ella podría decir que la vida es una enfermedad mortal”, escribe Victoriano García Martí de Rosalía nun texto de expresivo título, “Rosalía de Castro o el dolor de vivir”, Introducción a Rosalía de Castro, *Obras completas*, op. cit. tm I, CXXIII. Verbo de Novoneyra, escribe Antón Lopo, “A pleuresia... era a súa ‘negra sombra’: o seu pai Manuel morreu dunha complicación respiratoria e o propio Novoneyra de cancro”, “Uxío Novoneyra na distancia do lobo”, *Boletín da Real Academia Galega*, Núm. 371 (2010), 156.

[16] Prólogo de *Follas novas*, op. cit. 272.

[17] Aparte da utilización tendenciosa deste libro inicial de Novoneyra que fai Piñeiro para desenvolver as súas teses culturalistas, desactivadoras de todo compromiso político nacionalista nos novos creadores –como apunta certeiraamente M<sup>a</sup> Pilar Garcia Negro no seu traballo “Novoneyra: Nova xeira”– é interesante a interpretación que fai desta dor existencial no Prólogo da 1<sup>a</sup> ed. *Os eidos*, que expresa a situación de Novoneyra cando escribiu a súa gran obra: “Unha doenza aguda levárate ó Hospital Militar de Lugo. As mágoas da doenza e maila indiferente estraneza de aquíl mundo alleo, obrigábante a vivires en permanente e xabreira soedade. Unha soedade longa, longa, na que todo iba ausentándose, hastra as lembranzas. Pouco a pouco fúcheste quedando aconchegado dentro de tí mesmo, arredado da realidade exterior, sin máis achego que a quentura da propia intimidade sentimental. Chegaches, sin te poderes decatarse, ós lindeiros mesmos da saudade. Viviches a túa soedade radical, a soedade singular que aniña no fondo de cada ser human. E abriuse pra tí un

de”. “Pasou xa esta lobada de delor. Nela creo que sentín o que é a saudade”, escribelle a Manuel María no mes de santos de 1953. Noutra das súas cartas, dirixida tamén a este íntimo amigo, escribelle unhas verbas que presuntamente rematarían unha peza dramática que estaba a escribir, de título expresivo “A noite é mais que unha pecha escuridade”: “NOVONEIRA: Vivir en soidade... logo morrer... e logo nada: o ceo dos toupos...” “Ista é hoxe a miña verdade”, conclúe Uxío (Courel, Abril, 1954)<sup>[18]</sup>. A súa dona querida, Elba Rey, ten dito que había en Uxío unha distancia impenetrable, mesmo para ela; “unha distancia última, necesaria para ser el auténtico. Era o seu reduto, o tobo do lobo”; unha distancia que “acrecentaba a súa intensidade”<sup>[19]</sup>.

Certamente, a poesía de Novoneyra non é a de Rosalía, e viceversa; ambas as dúas van por camiños moi diversos, no fondo e na forma. “A concepción da palabra poética non lles é común –escribe acertadamente Cochón–. Tempos e vidas. E o modo de vivir tempos e vidas. Rosalía vai a máis, cara ó último. Novoneyra, vén a menos”<sup>[20]</sup>. Non imos parar agora na forma literaria –xa abondo estudiada en estudos rosalianos e novoneiranos de dintinto cariz–, nin na diferente situación histórica, social e política de ambos<sup>[21]</sup>; pero si en algo fundamental que os distingue: Rosalía é muller, Uxío... non; ela ten que loitar por poder *ser* nun mundo de homes, nunha sociedade patriarcal e machista. Rosalía, unha insumbisa, ten que loitar apaixonadamente por poder realizar o que resulta *normal* para os homes e lle está vedado ás mulleres: pensar por si mesma, escribir e publicar. Así o recoñece nos prólogos dos seus libros.

“Pasados los tiempos en que se discutía formalmente si la mujer tenía alma y si podía pensar... se nos permite ya optar a la corona de la inmortalidad y se nos hace el regalo de creer que podemos escribir algunos libros, porque hoy, nuevos Lázarus, hemos recogido estas migajas de libertad al pie de la mesa del rico, que se llama siglo XIX...

Porque todavía no les es permitido a las mujeres escribir lo que sienten y lo que saben”<sup>[22]</sup>.

María Pilar García Negro escribe con acerto a este respecto: “A sensibilidade feminista da escritora penetra na sutil diferenza de psicoloxías afectivo-sentimentais en poemas onde a espera cariñosa e angustiada da que fica na terra non ten corresponden-

novo horizonte, distinto dos dous anteriores: a túa intimidade sentimental, o centro mesmo do teu propio ser”, *Os eidos. Terras outas e soias do Courel (1952-1954)*, Galaxia, Vigo 1955, 13-15.

[18] Carta recollida nos *Cadernos Ramón Piñeiro*, XVI (2010), 177.

[19] Cf. Antón Lopo, “Uxío Novoneyra na distancia do lobo”, 159.

[20] Luís Cochón, art. cit. 314.

[21] Para unhas das ultimas revisións bibliográficas do vastísimo número de estudos rosalianos vid. F. Rodríguez *Rosalía de Castro, estranxeira na sua patria. A persoa e a obra de onte a hoxe*, cit. 687-731. Para Novoneyra vid. os volumes citados aquí, sobre todo o número monográfico do *Boletín da Real Academia Galega*, Núm. 371 (2010).

[22] Rosalía, “Prólogo” de *La hija del mar*, en *Obras Completas*, op. cit. tm. II, 12 e 13.

cia no par masculino... A muller individualiza; o home escolle unha posíbel dentro dun conxunto seriado”<sup>[23]</sup>. Esa é a razón do “clamor da rebeldía” de Rosalía, como titula García Negro un magnífico ensaio sobre ela<sup>[24]</sup>. O de Rosalía é un clamor vital, fondo, existencial, e aínda rupturista, máis que un puro exercicio poético ou a expresión dun degoro romántico. García Negro escribe con acerto: “Rosalía de Castro é a apoteose rupturista da nova muller e da nova Galiza”; alén do reformismo moderado de Concepción Arenal, ou o feminismo individualista de intelectual orgánico da Pardo Bazán. Rosalía é “a primeira escritora contemporánea en levantar a cuestión da identidade feminina, do xénero, como axial na composición literaria”<sup>[25]</sup>.

Falar do peso e a importancia de Rosalía na poesía de Novoneyra non é novo; tense dito en numerosas ocasións, aínda que sen afondar nunca no tema. O mesmo Uxío teno recoñecido en varios lugares da súa obra; como é o caso dos textos biográficos citados *Dos soños teimosos* e *A distancia do lobo*.

En *Dos soños teimosos*, as confesións máis íntimas de Uxío Novoneyra, o poeta manifesta que o maior herdo que recibiu a súa poesía foi o das Cantigas medievas, xunto cos textos de Rosalía e Pondal.

“Eu realmente noto unha cousa, que, o maior herdo, o herdo que me vén da literatura galega, son os medievas, os trobadores, Pondal e Rosalía”<sup>[26]</sup>.

O mesmo autor de *Dos soños teimosos* –Emilio Araújo– recolle noutro lugar estas palabras do poeta do Courel sobre o peso dos versos de Rosalía na súa obra:

Cando eu estaba no Courel vía partir os camiños, era como se fosen seres vivos... E no fondo recoñezo que o estilo dos meus camiños vén de Rosalía; vén dun camiño que canta Rosalía, ese que di: *Dende aquí vexo un camiño/ que non sei adónde vai;/ polo mesmo que 'o sei,/ quixerao poder andar...* Era impresionante. E recordo que me falara deste camiño de Rosalía Freire de Andrade, da Coruña<sup>[27]</sup>.

Na biografía que Antón Lopo fixo de Novoneyra, *A distancia do lobo* –poñendo o seu texto na primeira persoa do poeta courelao–, manifesta Uxío a débeda co seu amigo Manuel María por achegarlle os textos de Rosalía e Pondal, que lían ávidamente e discutían “verso a verso, abraizados polos alostros<sup>[28]</sup> da lingua na tradición literaria”.

[23] María Pilar García Negro, “*Estranxeira na súa patria* de Rosalía de Castro”, cit., 350.

[24] María Pilar García Negro, *O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo*, Sotelo Blanco, Santiago 2010.

[25] *Ibid.* 15 e 17. A vea feminista de Rosalía no só foi estudiada por esta autora, senón tamén por outras autoras galegas. Cf. *Rosalía de Castro: unha obra non asumida*, Xistral, Monforte 1985; asemade outros traballos que recolle F. Rodríguez en *op. cit.* 20-21 e 23 e ss.

[26] *Dos soños teimosos*, 41. O poema de Rosalía é de *Follas novas*.

[27] Emilio Araújo, “As cores do ucedo”, *Os eidos* (2017), 268.

[28] Relampos.

[Manuel María] prestábame os seus tesouros: os libros de Noriega Varela, de Rosalía, de Pondal e de Curros. Liámoslos con avidez e discutíamolos verso a verso, abraíados polos alostros da lingua na tradición literaria.

A lingua non é unha emoción baleira, nin ven dada por ideoloxía. Na lingua pervive todo o referido a ti e aos teus. Por iso para min ten tanta significación o galego oral. (...) A lingua, en por si soa, sabe máis do que está escrito e dito. Débolle moito a Rosalía, a Noriega, a Pondal, a Otero Pe-drayo, Fole, Maside, Piñeiro e Celestino de la Vega, claro, pero a miña procedencia xurde do pobo.

Como se ten salientado, *Os eidos* publicouse no mesmo día do pasamento de Rosalía (1885) sete décadas despois: o 15 de xullo de 1955. “Vaise a autora de *Follas Novas* e agroman *Os eidos* 70 anos despois. Dous poetas sobranceiros na poesía de nós, dous libros capitulares da nosa lírica”<sup>[29]</sup>. Como un non cre nas casualidades, pois sabe que todo está relacionado, penso que ou ben se trata dunha data buscada polo editor por encargo de Ramón Piñeiro<sup>[30]</sup> –o primeiro gran valedor de *Os eidos*–, ou forma parte desa harmonía que existe entre todo o que é, e que vencella aos dous grandes poetas galegos. Porque o *kairós*, o tempo oportuno, é superior ao *cronos*, o tempo material.

## Un poema e tres textos de Uxío Novoneyra sobre Rosalía

*Santa da Terra,  
ti sabes que o ceo non é noso.  
Soio temos o cor i o tempo,  
o peso da vida i o certo da morte.  
Sintes a inseguranza i o abandono  
i acólleste ós bés certos:  
a casa, o val, a Patria homilde.  
A nosa Patria que nos negan,  
por quen ti cramas, furando a noite!  
De non oirte, houberamos esquencido o que somos,  
perdidos pra sempre no camiño alleo.  
Mais xa velamos  
o sono enfexo de zafarnos dil  
e ganar Galicia, loitando polo home<sup>[31]</sup>*

Nos seus primeiros anos como poeta –posiblemente no tempo dos poemas de *Os eidos*, ou quizais inmediatamente despois, no 1956–, Uxío escribiu estas “Verbas para

[29] Luís Cochón, “Rosalía en Novoneyra. Unha luz que non se ve vir, *que se ve ser*”, art. cit. 307.

[30] Aínda que Cochón escribe no art. citado “a non ser que quen redactou o colofón do poemario, fixera coincidir – cousa que adoita facerse – o vir á luz de *Os Eidos* coa efeméride rosaliana”, segundo me ten confesado el mesmo posteriormente, non consta esa intención expresa da data; mais ben parece ser que foi pola premura de editalo, despois dos retrasos e os gastos polas constantes correccións e cambios que Uxío introducía no seu texto, e que non coincidise cun funesto 18 de xullo.

[31] Reprodución facsimilar do texto autógrafa en Luís Cochón, *ibid.*, 308.

Rosalía”, que conservamos en texto autógrafo. Os versos están dedicados con estas expresivas verbas: “Pros universitarios galegos, estudantes de Compostela i as mocidades galegas do presente i o [futuro]. Porque haberá futuro”.

O poema quedou inédito; non aparece nin en *Os eidos* nin en *Os eidos-2*. Pero, reducido a uns poucos versos –traballo habitual dese Novoneyra implacable cos seus poemas, realizado “cun meticuloso bistori semántico e sintáctico”, como di Antón Lopo<sup>[32]</sup>–, é o poema “A Rosalía”, [“Sola da terra”], recollido en *Do Courel a Compostela* (1988), e logo en *Tempo de elexía* (2010). O poema está datado no primeiro destes libros en 1958, pouco despois da primeira edición de *Os eidos*. En *Do Courel a Compostela*, aparece o primeiro verso diferente e máis amplo ao posterior que ven en *Tempo de elexía*: “Sóla da Terra ti sabes que o ceo non é noso”. Por outra banda, en *Tempo de elexía* os versos aparecen divididos de distinto xeito a como están en *Do Courel a Compostela*. Así quedou o poema neste último libro. Así quedou o poema en *Tempo de elexía*:

*Sólo da terra.  
Poden inseguranzas e desamparo  
i acólleste ós bes certos:  
a casa!*

*o val!*

*a patria humilde!*

*Nos patria pola que ti clameas furando a noite!*

Vemos que o verso autógrafo “Santa da Terra” converteuse finalmente no “Sólo da terra” posterior; seguramente por unha desacralización da Cantora, un desexo expreso de baixar da peaña á manipulada “Santiña” dos sectores galegos máis reaccionarios; e tamén un cambio marcado polo laicismo do último Novoneyra, que –aínda sendo un místico, como reflicten os seus versos– foxe de todo elemento relixioso expreso na súa poesía. Ademais, “A nosa Patria ... por quen ti cramas, furando a noite!”, converteuse en “Nosa patria pola que ti clameas furando a noite!”. “Que facer cos versos que se nos foron perdendo na destilación–como se quedarán no limbo (se tal hai)–, aínda que non todo se vai”, pregúntase Luis Cochón. Boa pregunta e de non doada resposta; aínda que o mesmo Novoneyra volve retomar unha e outra vez os seus versos en novos poemas, en caligrafías etc.

Luis Cochón recolle no seu traballo citado outros catro textos de Novoneyra sobre Rosalía, que recollemos extractados a continuación, con breves comentarios do que isto escribe.

---

[32] Antón Lopo, “Uxío Novoneyra na distancia do lobo”, 157.

## 1) “Rosalía clamea pola palabra máis cargada de nós”

Nun esforzo de coñecemento e comprensión do mundo e do noso, Rosalía clamea pola palabra máis cargada de nós, i-ó tempo, limpa e xusta, a palabra que só poderemos ter, se a temos na propia lingua.

O primeiro texto –do que só se reproducen estas breves palabras– puido ser escrito con ocasión da inauguración do monumento a Rosalía en Padrón (1957). Un texto moi breve pero magnífico; que manifesta que unha das razóns que máis une aos dous grandes poetas –como non podería ser doutro xeito– é a palabra, a lingua galega. Uxío repite constantemente que a lingua galega é a esencia do pobo galego, o meirande legado da súa historia, o elemento máis importante da súa identidade, a súa maneira concreta de ver e estar no mundo: “o esforzo de coñecemento e comprensión do mundo e do noso”. Novoneyra sabe moi ben que a palabra é a esencia de toda cultura humana, a palabra crea cada cultura, porque o ser humano é o animal que fala; e, no caso do pobo galego, só poderemos ter unha palabra realmente creadora, “cargada de nós”, unha palabra “limpa e xusta”, se a temos na propia lingua; unha lingua construída ao longo de mil anos, afogada literariamente por séculos e feita rexurdir por Rosalía e os seus compañeiros do Rexurdimento. Calquera outra fala será, para o pobo galego, unha palabra allea, imposta, abafadora, dominadora e colonialista. Uxío sabe, coma o verso rotundo do seu amigo Manuel María, “¡Se perdemos a fala *non* seremos *ninguén!*”<sup>[33]</sup>.

## 2) “Haberá que explicar a aparición de Cantares gallegos como un milagre”. “Hai millentas estrelas; Sol, un somentes. Eso foi Rosalía”

No segundo texto de Novoneyra, o poeta recolle unhas verbas de Álvaro Cunqueiro e Isidoro Millán sobre Rosalía, que parece lle impactaron particularmente.

Aquel venres 17 de maio, ano 1963, cen anos despois, pola mañán leo, en Compostela, o “Envés” do *Faro*, de Cunqueiro “Por la mañana, la alondra”: —Ide e traédeme sombras!, di o poeta. Non sei si a loia que canta é a propia Rosalía, asombrada ou ensombrecida...

“Haberá que explicar sempre a aparición de *Cantares gallegos* de Rosalía como un milagre. El Señor debeu botar de menos a Anunciación do anxo galego e acercar o seu oído á nosa terra. E foi naquel intre cando a loia que chamamos Rosalía, cantou”.

Nese mesmo venres, xa en Pontevedra, pola tarde, atópome con Isidoro Millán que me leva consigo ó Museo: “Hai millentas estrelas; Sol, un somentes. Eso foi Rosalía: a luz de sol e lúa que apaga o resprandor dos luceiros que, na nouturna carreira, a precederan. Da fogueira acesa dese sol quentáronos todos, namentres dure esta xeira diurna das letras galegas e, a traveso dos tempos, lembrárase decote das línguas dos homes o fulgor do seu abrente esprendoroso”.

---

[33] Manuel María, “A fala”, *Obra poética completa I (1950-1979)*, Espiral Maior, A Coruña 2015.

Dous fermosos textos que, aínda que non son do mesmo Uxío, acáenlle ben e recolle por escrito porque pensa dese xeito. Certamente, a aparición de *Cantares gallegos* de Rosalía foi “un milagre”, algo que creba a liña do tempo, a eclosión de algo totalmente novo na literatura galega, a pesar de apelar á tradición e as formas populares. Porque Rosalía é o Sol do firmamento literario galego, como lle escoita Uxío a Isidoro Millón; e “da fogueira acesa dese sol quentarámonos todos”. Seguimos a aquecernos aínda, porque non esmorece.

### 3) O centenario de Rosalía é “o primeiro centenario da Galicia moderna”

Estamos eiqui a celebrar, a inaugurar o primeiro centenario da Galicia moderna, medindo dende a data da morte de Rosalía de Castro. Mais para quitarlle esa sombra de elexía, escollemos no ano do centenario da morte o día do nacemento, pra siñificar que Galicia non está clausurada, non é unha nacionalidade histórica, senon simplemente interrompida, un pobo inda vivo, con idioma vivo; anque a maioría dise pobo teña esquecida a súa condición nacional galega como fundamento e apropiación da soberanía, de autodeterminación, todos nos sabemos, nos sentimos galegos, clara ou escuramente, con profunda concencia. E xa miles de corazóns ardentes velan Galicia cunha clara, firme decisión nacional, que non ten porque ser desesperada por máis dificultades que haxa a corto prazo. Galicia irá definíndose, aclarándose na concencia dos galegos, e cada vez serán menos os que se trabuquen de patria; que xa é trabucarse (...)

Cen anos depois do pasamento de Rosalía de Castro, decenas de poetas novos levan Galicia (eiquí inda a poseía ten un prestixio mítico), decenas e decenas. Quizaves dendes dos tempos medievais da escola trovadoresca non houbo en Galicia un tan vasto movemento poético como o actual, do que indudablemente algo vai sair... Decenas e decenas de escritores, miles de educadores e outras mocidades comprometidas cunha responsabilidade e política levan Galicia (...) [34].

Este terceiro texto leuno Novoneyra na casa de Rosalía con ocasión do seu Centenario (1985). É un texto cargado de mensaxe non só literaria-cultural, senón política, como reivindicación da personalidade nacional de Galiza; unha Galiza viva que existe e resiste. Por iso, di Uxío que se escolle o día no nacemento (24 de febreiro) máis que o do pasamento; Galiza está viva, fronte aos que queren reducila a unha cousa “histórica” do pasado: “Galicia non está clausurada, non é unha nacionalidade *histórica*, senón simplemente interrompida, un pobo inda vivo, con idioma vivo”. A verba esperanzada de Novoneyra agarda que “cada vez serán menos *os que se trabuquen de patria*; que xa é trabucarse...”. Ou o que é o mesmo; Uxío coida que cada vez serán menos os galegos que digan: “Yo soy gallego, pero ante todo soy español”. Bendita esperanza! Por desgraza, o trunfo do españolismo nas sucesivas votacións en Galiza nos últimos anos, semella manifestar o contrario.

---

[34] O orixinal deste texto está recopilado tamén no número de *Escrita* dedicado a Novoneyra, citado ao comezo deste traballo.

#### 4) “Ó cabo, desengañados de todo, os homes sempre se quedan ca súa nación”

Ó cabo, desengañados de todo, os homes sempre se quedan ca súa nación.

Co seu pasado profundo, pra non perderse dafeito, e sentir a única permanencia certa.

Que conste que non pensaba pórme tan serio. Pero o sagrado, se se toca, xa se sabe. (...) Unha antiga presenza, e atópase a Galicia que nos fixo a todos atoparnos ca terra e ca lingua que xa sabía da terra, aprendida século a século.

Muitas veces eu cáseque só transcribía. Era como un tesouro soterrado, encontrado... Era a riqueza que todos levamos, o herdo que ninguén nos pode quitar ou que ninguén debe deixarse quitar.

A súa máxima riqueza, o herdo común, a herencia común. A de cada un e a de todos, por eso volven os pobos: por un sentido de pertenza, demasiado profundo pra ser esquecido.

O cuarto texto pertence a un pregón na Aula de Cultura de A Coruña en 1992. É unha clara reflexión sobre o significado político de Rosalía para o pobo galego: “o sagrado” da terra e a fala. Comeza cunhas verbas contundentes: “Desengañados de todo, os homes sempre se quedan ca súa nación”. A nación como identidade espacio-cultural de cada ser humano.

### Dous textos inéditos de Uxío Novoneyra sobre Rosalía

Uxío Novoneyra ten dado centos de conferencias e intervencións públicas por Galiza adiante. Posiblemente, ninguén coma el, xunto de Manuel María, deu tantas charlas a un público tan dispar; sobre todo en Institutos, centros docentes e espazos populares. O seu fillo Uxío tenme comentado que entre elas deu unha ducia de conferencias sobre Rosalía, aínda que non nos queda noticia de todas. Asemade, como escritor de sona e como presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega desde 1982 até a súa morte (2010), Uxío ten pregoado moitas veces o Día das Letras Galegas; a festa rosaliana do 17 de maio, o día da Rosalía dos *Cantares* (1883). Aínda que non eran os *Cantares gallegos* o libro que máis gustaba a Novoneyra, senón *Follas Novas*. Mesmo, parece ser que Uxío andaba a cotío co poema que pecha o Primeiro Libro de *Follas Novas* (“Silencio”); leváboo no peto manuscrito por el mesmo<sup>[35]</sup>.

*A man nerviosa e palpitante o seo,  
as niebras nos meus ollos condensadas,  
con un mundo de dudas nos sentidos  
i un mundo de tormentos nas entrañas,  
sentindo cómo loitan  
en sin igual batalla  
inmortales deseos que atormentan  
e rencores que matan,*

[35] O manuscrito de Novoneyra pode verse reproducido facsimilarmente no art. cit. de Luis Cochón.

*mollo na propia sangue a dura pruma  
rompendo a vena hinchada,  
i escribo..., escribo..., ¿para qué? ¡Volvede  
ó máis fondo da ialma,  
tempestosas imaxes!  
¡Ide a morar cas mortas lembranzas!  
¡Que a man tembrosa no papel só escriba  
palabras, e palabras, e palabras!  
Da idea a forma inmaculada e pura  
¿dónde quedou velada?*

María Pilar García Negro recolle e comenta este poema de Rosalía nun dos seus traballos citados aquí, relacionándoo con Novoneyra nun apartado de expresivo título: “O silencio contra o ruído. A poesía como antídoto contra o ruído”.

“O antónimo do ruído é o silencio, máis non entendido como afasia ou mutismo senón como recollemento e introspección. O poeta debe precaverse da contaminación ambiental, distinguir realidades de aparencias, disterar apósitos deformadores de elementos puros... a través, en primeiro lugar, dun exercicio de meditación. E tal é a proclamación de Rosalía de Castro no poema... significativamente titulado ‘¡Silencio!’.

(...). Batalla permanente de toda e todo poeta auténtico: entre a inefabilidade e a inevitabilidade”<sup>[36]</sup>.

García Negro recolle tamén aquí estes versos de *Os eidos*: “Non hai outro templo máis vasto/ nin outro credo/ que este silencio”.

Algunhas notas das conferencias de Novoneyra foron publicadas; así, as recollidas por Luis Cochón que acabamos de ver. Pero recentemente atopei na casa de Parada do Courel –pola cortesía do seu fillo Uxío e a perspicacia da miña dona, Christina Moreira, que está a traducir ao francés por primeira vez a Novoneyra–, outros dous textos do poeta sobre Rosalía que coido están até o dagora inéditos. O primeiro, sen dúbida o mellor, é un texto autógrafa que corresponde a unha conferencia de Novoneyra sen datar. O segundo, escrito a máquina pero tamén sen datar, é dun discurso pronunciado na casa de Rosalía.

## 1) Rosalía “a imaxe de Galicia”

### 1º. Definición de Rosalía.

Eu definiría a Rosalía como a imaxen de Galicia. Ela foi adueñándose da imaxen de Galicia. Representa a nosa conciencia total: tanto a individual como a social, a intelectual como a sentimental.

O sentimento é unha forma de coñecemento donde o máis grave da realidade é o que se pateniza agudamente na conciencia.

[36] Mª Pilar García Negro, “Novoneyra: Nova xeira. A poesía como antídoto contra o ruído”, 124-125.

## 2º. O máis destacado da obra de Rosalía.

O máis destacado da obra de Rosalía é a súa amplitude, o seu cumprimento humano.

Hai poetas máis ricos, de máis rico idioma, pero que abarcan menos do espectro humano. Rosalía, sin sairse apenas do idioma popular e coloquial, pode dar a maior extensión da alma humana. Todo o que é importante pra calquer ser humano, é importante pra ela, e dela ten voz, unha voz llana.

## 3º. ¿Por que Rosalía sigue sendo actual?

Rosalía sigue sendo actual porque era moi radical no seu tempo. O mesmo Castelao, nacido despois de morrer Rosalía e que era recoñecido como como a conciencia galega da primeira metade do século XX, está envellecendo máis que Rosalía. Tamén envelleceu Curros máis que Rosalía.

Nela, calquer home de calquer tempo pode sentirse reconecido no máis profundo; quizaves pola súa conciencia agudísima do tempo.

A súa impronta dolorida é unha resposta á nosa triste historia. Un coma o galego, que así serve os caciques ¿que outra cousa merece, que máis se pode agardar del? É pois xustificacdo o seu desalento i o seu revolverse vigoroso polas veiras do abismo existencial.

I agora vede tamén hasta que punto de intensidade chega Rosalía coas xentes do seu pobo i o seu tempo. É o noso vello tema, inda de hoxe: a emigración.

No libro de Curros Enriquez “Aires da miña terra” se albiscan posibles salidas da penuria do ideal i as posibilidades de libertade e dignidade pra o noso pobo, pobo e individuos...

O texto está escrito de puño e letra de Uxío Novoneyra con maiúsculas, para ser utilizado mellor en público, e dividido en tres apartados polo noso autor. En primeiro lugar, o poeta do Courel define magnificamente a Rosalía como “a imaxe de Galicia”; una *imaxe total do ser galego*: tanto a nivel individual (antropolóxico) como a nivel social, intelectual (o “ser galego”), e mesmo sentimental (a saudade?). Logo, achégase á súa obra, salientando a súa amplitude; o que chama “o seu cumprimento humano”, que abarca o amplo espectro humano máis que ningún dos poetas galegos: “a maior extensión da alma humana”. Como Terencio<sup>[37]</sup>, para Rosalía, en opinión de Novoneyra, “todo o que é importante pra calquer ser humano, é importante pra ela, e dela ten voz”. Alén da realidade e as circunstancias persoais, a Rosalía non lle era alleo nada do que afectaba ao seu pobo, as súas dores e as súas ledicias, que levaba nas entrañas desde a súa infancia na aldea: “Rosalía no vivió de espaldas a la vida, entregada a la técnica de una profesión literaria; por el contrario se mantuvo en contacto con la vida, y su poesía no fue más que un resultado que extrajo de la propia realidad”<sup>[38]</sup>. Novoneyra, coa humildade que nace de querer camiñar na verdade –que dicía Teresa de Jesús– ten dito verbas semellantes de si mesmo: “Todo o que pasou o meu pobo pasoume a min/ todo o que pasou o home pasoume a min”<sup>[39]</sup>.

Novoneyra remata falando da actualidade de Rosalía; unha actualidade que considera mesmo superior á de Castelao. Aínda que Uxío é un nacionalista galego que recoñece

[37] *Homo sum, humani nihil a me alienum puto* (“Son humano, nada humano me é alleo”), Publio Terencio.

[38] Victoriano García Marti, “Rosalía de Castro o el dolor de vivir”, *op. cit.* XI.

[39] *Do Courel a Compostela*, 97.

a Castelaio como “a conciencia galega” e como símbolo dese nacionalismo galego<sup>[40]</sup>, di que Daniel “está envellecendo máis que Rosalía”. Quizabes esta comparanza non sexa de todo axeitada, pois a actualidade de ambos paréceme hoxe cada vez máis evidente e aínda necesaria. No centenario da revista *Nós* que estamos a celebrar, quedará aínda máis patente esta actualidade de Castelaio: xenerosidade existencial e compromiso fondo co seu pobo; descubrir Galiza como un pobo con identidade propia e coa lingua como componente principal; nacionalismo non racial nin racista, senón antimperialista e pacifista, solidario con tódolos pobos; necesidade dunha política galega feita por galegos. Pero aléda escoitar estas verbas apaixonadas de Novoneyra sobre Rosalía. A razón desta actualidade de Rosalía parécelle clara, e está chea de razón; Rosalía foi unha muller especialmente lúcida, xenial, rompedora, adiantada ao seu tempo e por iso universal: “Rosalía segue sendo actual porque era moi radical no seu tempo... Calquer home de calquer tempo pode sentirse reconecido no máis profundo; quizaves pola súa conciencia agudísima do tempo”. Esa actualidade de Rosalía vén tamén particularmente marcada pola “súa impronta dolorida”, como “resposta á nosa triste historia” de galegos, sempre asoballados por poderes chegados de fora, que “xustifica o seu desalento i o seu revolverse vigoroso polas veiras do abismo existencial”.

Realmente, é ben difícil dicir máis de Rosalía en tan poucas liñas, con ese estilo sintético de Novoneyra; aínda que supomos que este esquema debeu ser desenvolvido máis amplamente naquela ocasión.

## 2) Rosalía “a suprema figura de todo o Parnaso mundial femenino”

Eiqui nos vemos diante dun santuario da galeguidade, que é a casa onde arremataron os días de Rosalía de Castro, a nosa máis singular figura literaria (...).

Ela foi o máis esgrevio poeta que escribira en galego, e tamén a suprema figura de todo o Parnaso mundial femenino. Máis aínda que Safo de Lesbos ou que a condesa de Noailles. Ninguén como ela atinou a manifestar a fondura da ialma galega. Eu podo dicir que despoies de ler á sublime cantora destas terras que estamos agora a ver, xa non tiven dúbida da sinificación das verbas “saudade”, “soidade” ou “morriña”.

O noso conecemento da lírica rosaliá data, mesmamente, da miña infancia. Cando lin aqueles sinxelos versos que decían “paxariños piadores que coa aurora se levantan”, e logo os versos da súa

---

[40] “Castelaio encarnou en Galicia a gloria máxima do século”, dixo Valentín Paz Andrade. Teño escrito hai anos que “Castelaio ten moito máis reconecemento popular que ningún outro persoeiro da historia galega, sinxelamente porque o pobo se viu reflexado na súa nobre pluma e acollido no seu xeneroso corazón” (V. Pérez, *Galegos e cristiáns. “Deus fratresque Gallaeciae”*, SEPT, Vigo 1995).

Entre outros textos de Novoneyra sobre Castelaio, temos unhas palabras que dixo en público como presidente da AELG con ocasión do traslado dos seus restos desde Buenos Aires até o Panteón de Galegos Ilustres en Compostela (1984); o poeta faise eco do sentimento e a manifestación publica deste por parte de amplos sectores nacionalistas e progresistas da sociedade galega verbo da manipulación da figura de Castelaio por parte dos poderes conservadores. É un texto inédito (o manuscrito está na casa do Courel), no que Uxío di: “Castelaio era un nacionalista galego. Era conscente do que era: da súa patria, da súa propia nacion, da súa propia lingua, do que é máis sagrado porque é o máis propio. Non lle cambiaron, como a moitos, a patria”.

incomparable “Negra sombra” (...) cheguei, andando o tempo, á conclusión de que iste poema é un dos máis fondos e emotivos de toda a lírica moderna.

A música de Xoan Montes, se non está a altura da letra tampouco lle estorba. De ahí que os lugueses nos sintamos tan golosos de Xoan Montes por musicar un dos máis fermosos poemas da lírica de varios sigros [...].

O segundo texto inédito de Novoneyra sobre Rosalía que reproducimos aquí, está escrito a máquina. Del escolmamos só uns parágrafos; o resto deriva nunha reflexión que ten que ver menos directamente coa nosa Cantora, e mais con Pondal, os versos do Himno galego e Curros. Rosalía é de novo para Novoneyra “a nosa máis singular figura literaria”, “o máis esgrevio poeta que escribira en galego”; máis aínda, é “a suprema figura de todo o Parnaso mundial feminino. Máis que Safo de Lesbos ou que a condesa de Noailles”. Non sorprende nada a alusión de Uxío á coñecida poetisa grega Safo de Lesbos (ca. 650/610-580 a.C.), a quen Platón catalogou como “a décima Musa”, pero si á Condesa de Noailles; cando podería ter citado grandes poetisas mundialmente recoñecidas como Sor Juana Inés de la Cruz ou Teresa de Jesús, Gabriela Mistral ou Gioconda Belli, Gloria Fuertes, Alejandra Pizarnik, Marguerite Yourcenar, Anaïs Nin ou Emily Dickinson. É curiosa a alusión a esta poetisa francesa, presente na Historia da Literatura Francesa e que tivo un gran relevo en París na primeira década do século XX<sup>[41]</sup>, pero pouco coñecida hoxe nos nosos lares. O seu lirismo apaixonado maniféstase nunha obra que desenvolve de maneira moi persoal os temas do amor, a natureza e a morte; posiblemente, estes temas tan caros a Novoneyra foron o atractivo que tivo para el a súa poesía, até chegar a poñela tan alto.

En fin, para o poeta do Courel, Rosalía soubo coma ninguén “manifestar a fondura da ialma galega”. O seu poema “Negra sombra”, difundido pola peza cantada que lle fixo Xoan Montes<sup>[42]</sup>, é para Novoneyra non só un poema senlleiro da lírica galega, senón “un dos máis fondos e emotivos de toda a lírica moderna”. É raro que non conservemos ningún comentario de Uxío de Novoneyra sobre “Negra sombra”. Pero pode atoparse soterrado no iceberg da súa obra non publicada; unha morea de documentos da que só coñecemos unha pequena parte e que imos desvelando pouco a pouco.

---

[41] Anna Elisabeth Bibesco-Bassaraba de Brancovan, condesa de Noailles (París, 1876-1933), foi unha poetisa francesa de orixe romanesa, libre e adiantada ao seu tempo. Formou parte da alta sociedade parisina da época e foi mecenas no París dos salóns literarios. O seu salón atraeu á elite intelectual, literaria e artística de comezos do século XX: Marcel Proust, Francis Jammes, Paul Claudel, Colette, André Gide, Paul Valéry, Jean Cocteau, Alphonse Daudet e outros. Foi a primeira muller en recibir a “Légion d’Honneur”, a primeira en ser admitida na Real Academia da Lingua e Literatura Francesas e a primeira en ser distinguida co “Grand Prix” da Académie Française; musa de pintores simbolistas, a súa imaxe foi esculpida por Rodin e retratada por Ignacio Zuloaga nun coñecido oleo. Escribiu varias novelas e moitos poemas, reunidos sobre todo no volume *Vivos e mortos*.

[42] A pesar da popularidade do título deste poema, quizais pola cantiga de Xoán Montes e a abundantísima interpretación do mesmo, o lector buscarao inutilmente así en *Follas novas*, pois non aparece con este título senón sen título; nos índices da obra haberá que buscalo co primeiro verso: “Cando penso que te fuches”.

A este respecto, ten corrido en tempos nalgúns círculos da cultura galega o tópic de que o poeta do Courel publicaba pouco porque era pouco traballador, un lacazán... Pero a súa inxente obra inédita ou espallada fóra dos seus libros (en revistas, publicacións colectivas, etc.) manifesta a inxustiza deste xuízo. Antón Lopo reflicte coas verbas xustas a realidade tal como foi, nas verbas que pon na boca do poeta na biografía de Uxío Novoneyra *A distancia do lobo*:

Entre *Os eidos* (1955) e o meu seguinte poemario, *Muller pra lonxe* (1986), transcorreron 31 anos, co intermedio dos *Poemas caligráficos* do 1979 que, unanimemente, consideraron unha extravagancia. Iso non quere dicir que abandonase a escrita: escribín dúceas de versións dos meus vellos poemas<sup>[43]</sup>, poemas novos que regalei con goce creativo, poemas que arrombei pola Casa de Parada, poemas en revistas, en libros colectivos, en follas voandeiras. Porén, o prolongado silencio editorial fixo soar a cantinela de que Uxío Novoneyra era un vago, un diletante, un abúlico. O tpo levántase cando lle parece, déitase cando quere, come cando lle proe, traballa cando lle apetece.

O poeta, por medio de Antón Lopo, dá a continuación as razóns da súa escasa produción impresa.

A acusación de vago e diletante estívome ben. Busqueina. Preguntábanme e facíame o interesante: “Eu non escribo”, “un poeta non é un escritor”, “un poeta non ten por que publicar”, “un poeta é o que está sempre nelo”, “eu escribo deitado que, en definitiva é cando todos, poetas ou non, damos repaso á conciencia”. E era sincero: os meus versos aparecían só por necesidade. No 1961, fixen un único poema: “Non podo non ser nin ser así”. Acórdome perfectamente. Estaba no Courel, nun sillón de nogueira antigo, enorme, e sobre a gran mesa do comedor. Esvaroume a man e caeume sobre o xeonllo e quedei pasmado de ter corpo, demerxido en círculos de silencio dentro de min. Pero os figureiros non o entenden. Cren que ser poeta se reduce a escribir o teu nome ao pé dunha folla con liñas que non enchen a caixa do libro. Cren que o estatus de poeta debe confirmarse ano a ano coa aparición dun título novo, sen importar a súa calidade ou se o autor carece de escrúpulos. Hai poesías que son un libro e libros de douscentos poemas que só teñen tres versos estimables. A vida é un traxe que nos queda demasiado grande e, con frecuencia, precisamos quitalo e andar pola casa en calzoncillos.

“Hai poesías que son un libro e libros de douscentos poemas que só teñen tres versos estimables”. Canta verdade hai nestas verbas! O mesmo Uxío ten recriminado en máis dunha ocasión a algún amigo poeta por publicar demasiado, por non coutar e recortar máis os seus textos; deste xeito, saíríanlle versos moi bos, pero tamén algúns bastantes malos que non terían que ter visto a luz en paxinas de libros. Xosé María Díaz Castro, outro dos nosos meirandes poetas, podería confirmar isto; tamén a el lle pedían reiteradamente que publicase máis, pero negouse; o seu único poemario *Nimbo*s val por douscentos.

---

[43] A teima por refacer constantemente os seus versos, reescribíndoos, refundíndoos, desesperou a Galaxia na primeira edición de *Os eidos*, e levou a Carlos Maside, autor das ilustracións, a dicirlles: “Estades fritindo un peixe vivo”. Cf. Antón Lopo, “Uxío Novoneyra na distancia do lobo”, 157.

Ao remate, con isto volvemos ás verbas do comezo destas liñas, que lle acaen ben tanto a Uxío Novoneyra como a Rosalía de Castro: “Non fixen case nada na miña vida que non fose ser poeta. A poder de sobriedade, de ser sobrio como poeta, acabei non facendo máis nada que ser poeta”.

E canto necesita o pobo de bos e boas poetas!

Nas páxinas seguintes reproducimos un orixinal manuscrito da primeira das conferencias de Novoneyra

## 1º) DEFINIÇÃO DE ROSALIA \*

EU DEFINIRIA A ROSALIA COMO A IMAGEM DE GALICIA. ELA FOI ADUENÇANDO-SE DA IMAGEM DE GALICIA, ~~QUANDO REPRESENTA~~ ~~ELA~~ REPRESENTA A NOSSA CONCIÊNCIA TOTAL; TRATO A INDIVIDUAL COMO A SOCIAL, A INTELLECTUAL COMO A SENTIMENTAL. O SENTIMENTO É LINHA FORMA ~~ACQUISITIVA~~ DE CONHECIMENTO DONDE O MAIS GRAVE DA REALIDADE É O QUE SE PATENTIZA AGUDAMENTE NA CONCIÊNCIA.

UM POBO COMO O GALIÇANO QUE ASSI STRUE DO CARIÓTIPO QUE MAIS PODE AGARDAR.

## 2º) O MAIS DESTACADO DA OBRA DE ROSALIA \*

O MAIS DESTACADO DA OBRA DE ROSALIA É A SUA AMPLITUDE O SEU COMPRIMENTO HUMANO. HAY POETAS MAIS RICOS, DE MAIS PODE AGARDAR.

RÍCO IDIOMA, PERO QUE ABARCAN  
 MENOS DO DO ESPECTRO HUMANO.  
 ROSALÍA SIN SAÍRSE APENAS  
 DO IDIOMA POPULAR E COLOQUIAL  
 PODE DAR A MAIOR EXTENSIÓN  
 DA ALMA HUMANA. TODO O  
 QUE É IMPORTANTE PRA CALQUER  
 SER HUMANO É IMPORTANTE  
 PRA ELA, E DELA TEN VOZ.  
 LINHA VOZ LLAMA.

3- PORQUÉ ROSALÍA SIGUE SENDO  
 ACTUAL? ~~AAAAAAAA~~

— ROSALÍA SIGUE SENDO ACTUAL,  
 PORQUE ERA MUY RADICAL NO SEU  
 TEMPO. O MISMO CASTELAO  
 NACIDO DESPOIS DE MORRETE  
 ROSALÍA, E QUE EVA <sup>RECONOCIDO COMO</sup> CONCENCIA  
 GALEGA DA ~~SUA~~ PRIMEIRA,  
 MITA DO SIGLO XX. ESTA  
 ENVELLECEndo MAIS QUE ROSA-  
 LIA. TAMÉN ENVELLECEU GILRROS-  
 MAIS QUE ROSALIA. NELA CALQUER  
 HOME DE CALQUER TEMPO PODE  
 SENTIRSE RECONOCIDO NO MAIS  
 PROFUNDO. ~~DATA A ENTRENDA~~ <sup>QUAZA VES POLA</sup> ~~SUA~~

ESA SUA IMPRONTA DOLORIDA E LINHA RESTOSTA A NOSA TRISTE, SIRIUS  
 HISTORIA UN PRPO GUE A SÓA MERESE  
 OS CACIQUES, QUE BUNTA SÓA MERESE

CONCENCIA AGUOSÍMA DO TEMPO

E POIS XUSTIFICADO O  
 SEU DESALENTO 10 SEU  
 REVOLVERSE VIGOROSO  
 POLAS BEIRAS DO ARBIBMO  
 EXISTENCIAL.

~~XXXXXXXXXX~~

AGORA VEDE TAMEN HASTA  
 QUE PUNTO DE INTENSIDADE  
 CHEGA ROSALIA CAS XENTES  
 DO SEU POBO 10 SEU TEMPO.  
 É O NOSO VELLO TEMA, IN-  
 DA DE HOXE DA EMIGRACION.

~~XXXXXXXXXX~~

NO LIBRO DE CURROS ENRIQUE  
 "AIRES DA MINA TERRA, INDA  
 SE ALBISCAN POSIBLES SALL-  
 DAS DA PENURIA DO IDEAL  
 IAS POSIBILIDADES DE LIBERTA-  
 DE E DINIDADE PRO NOSO POBO,  
 PRA POBOS E INDIVIDUOS. ESCUM-  
 TADE SENÓN ESTA "ALBORADA" COA  
 QUS REMOTA O NOSO DECIR ...

## BIBLIOGRAFÍA

Uxío Novoneyra

*Os eidos. Terras outas e soias do Courel* (1952-1954), Galaxia, Vigo 1955.

— *Os eidos. O libro do Courel*, Biblioteca de Mesopotamia, Chan de Pólvora Editora, Monforte de Lemos 2017.

— *Do Courel a Compostela*, Galaxia, Vigo 2010.

— *Dos soños teimosos*. Preguntas de Emilio Arauxo, Noitarenga, Santiago 1998.

Rosalía de Castro

*Obras completas*, Aguilar, Madrid 1982.

Arauxo, Emilio

“As cores do ucedo”, en *Os eidos. O libro do Courel*, Monforte de Lemos 2017.

Cochón, Luís, “Rosalía en Novoneyra. Unha luz que non se ve vir, *que se ve ser*”, *Boletín da Real Academia Galega*, Núm. 372 (2013).

García Martí, Victoriano

“Rosalía de Castro o el dolor de vivir”, Introducción a Rosalía de Castro, *Obras completas*, Aguilar, Madrid 1982.

García Negro, M<sup>a</sup> Pilar  
*O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo*, Sotelo Blanco, Santiago 2010.

— “Novoneyra: Nova xeira. A poesía como antídoto contra o ruído”, *Boletín da Real Academia Galega*, Núm. 371 (2010).

— “*Estranxeira na súa patria de Rosalía de Castro: a identidade negada na propia terra*”, *Madrygal*, 18 (2015).

López, Aurora e Pociña, Andrés

“Rosalía ás portas do ano 2000”, *Arredor do Centenario de Rosalía de Castro*. 1985, Patronato Rosalía de Castro, Lugo 1995.

Lopo, Antón

*A distancia do lobo. Biografía de Uxío Novoneyra*, Galaxia, Vigo 2010

— “Uxío Novoneyra na distancia do lobo”, *Boletín da Real Academia Galega*, Núm. 371 (2010).

Manuel María,

*Obra poética completa I* (1950-1979), Espiral Maior, A Coruña 2015.

Otero Pedrayo, Ramón,

*Romantismo, saudade, sentimento da raza e da terra en Pastor Díaz, Rosalía Castro e Pondal*, Nós, Santiago 1931.

— *Rosalía*, Galaxia, Vigo 1985.

Piñeiro, Ramón,

Prólogo da 1<sup>a</sup> edición de *Os eidos. Terras outas e soias do Courel* (1952-1954), Galaxia, Vigo 1955.

Rodríguez, Francisco,

*Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria. A persoa e a obra de onte a hoxe*, ASPG, A Coruña 2011.

VVAA,

“Uxío Novoneyra. A emoción da terra”, *Escrita contemporánea*, A Coruña 2005.

Publicamos este cuarto número da revista *Follas Novas*  
grazas ao patrocinio do Concello de Dodro



CONCELLO DE  
**DODRO**



CASA DE ROSALÍA

A Matanza  
15917 Padrón  
981 811 204

[www.rosalia.gal](http://www.rosalia.gal)

**FUNDACIÓN  
ROSALÍA DE CASTRO**